Relacións Igualitarias

Asemblea de Cooperación pola Paz

AGARESO
Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social

XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalega

"Esta publicación realizouse co apoio financieiro da Xunta de Galicia. O contido da dita publicación é responsabilidade exclusiva de Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) e non reflicte necesariamente a opinión da Xunta de Galicia"

Autora
Monse Vilar Figueirido. Lilith Acción Social e Educativa

Contidos

Bloque 1 Conceptos básicos en igualdade de xénero

- De que falamos cando falamos de igualdade?
- Por que precisamos falar de igualdade
- Igualdade é...
- O sexo e o xénero
- Socializando: Estereotipos de xénero
- Como nos socializamos?
- A nosa identidade

Bloque 2 Relacións afectivas en clave de igualdade

- Violencia de Xénero
- Causas da violencia de xénero
- O iceberg das violencias machistas
- Escaleira cíclica das violencias na mocidade
- Os mitos do amor romántico
- Apuntámonos ao Botrato
- Relacións afectivas saudables
- Indicadores dunha relación de Botrato

Bloque 3 Aprender xogando

BLOQUE 1

Conceptos básicos en Igualdade de Xénero

De que falamos cando falamos de Igualdade?

A igualdade é un dos valores fundamentais da Declaración Universal dos Dereitos Humáns

+ INFO

A igualdade valora as diferenzas pero non as desigualdades: discriminacións, inxustizas, violencias, dominación dun sexo sobre outro....

Igualdade de Xenero é dar o mesmo valor ás diferenzas entre nenas e nenos, mozas e mozos, mulleres e homes e acabar coas discriminacións e o maltrato

Vivir en igualdade permíte que podamos ser e sentir plenamente recoñecendo as nosas experiencias, capacidades e valor como persoas diversas.

Por que precisamos falar de igualdade?

Ao longo da historia, nas diferentes culturas coñecidas, mulleres e homes teñen asignados papeis sociais e funcións diferentes que marcan as diferenzas entre unhas e outros e sosteñen as desigualdades.

Por un lado, as mulleres tiñan que ocuparse das tarefas de atención e coidados, a atención á familia e as tarefas domésticas.

Por outro lado, os homes ocupábanse de asuntos considerados "mais importantes": A política, o goberno das cidades e dos estados, as ciencias, as leis, as guerras...

+ INFO

Deste xeito mulleres e homes aprendían o que se agardaba en función do seu sexo biolóxico na súa sociedade

A este proceso polo que aprendemos o que se agarda de nós coñecémolo como:

Socialización Diferenciada

Igualdade é.....



Ser tratados e tratadas da mesma forma ante a lei

Participar coas mesmas oportunidades en todos os ámbitos da sociedade

Non temer pola túa vida nin seguridade ou das persoas ás que queres

Non sufrir discriminación ou acoso por cuestións de sexo

Sentir autonomía e liberdade

Construír relacións baseadas no respecto

Descubrir que podemos reinventarnos e ser todo o que soñemos

Poder desenvolver todo o potencial afectivo, intelectual, artístico e físico

.... e mais que podemos imaxinar

O sexo e o xénero

SEXO

- A **condición biolóxica** e orgánica que distinguen nos seres vivos ao macho da femia (seres humáns, animais, prantas)
- Fai referencia aos aspectos biolóxicos derivados das diferenzas sexuais:
  - Cromosomas
  - xenitais externos (vulva/pene)
  - aparato reproductor Hormonas...

XÉNERO

- o **xénero** é a foma na que todas as sociedades do mundo determinan o que respecta aos homes e ás mulleres

"O xénero refírese aos papeis construidos para as muller e os home asignados en base ao seu sexo biolóxico e depenen dun particular contexto socioeconómico, políto e cultural, e están afectados por outros factores como son a idade, a clase a raza e a etnia"

A IV Conferencia Mundial sobre a Muller celebrada en Beijing (1995)

+ INFO

Socialización: Estereotipos e Roles

Proxecto Pink and Blue

Estereotipos de Xénero

Roles de Xénero

Os **estereotipos de xénero** son **etiquetas** que definen o que se considera de homes-masculino e de mulleres-feminino

Isto afecta á nosa **IDENTIDADE** xa que dependendo do noso **sexo biolóxico de nacemento** asígnasenos un **xénero social** sen ter en conta a nosa opinión

Feminino

Tenrura
Debilidade física
Maior sensibilidade
Sumisión
Pasividade
Baixo desexo sexual

Masculino

Razón
Violencia e Agresividade
Forza Física
Actividade
Dominio e autoridade
Forte impulso sexual

Vídeo

Neste video podemos ver como os estereotipos inflúen nas nosas vidas incluso dende antes de nacer.

HeForShe
UN Women Solidarity Movement for Gender Equality

Movemento mundial de solidadaridade das Nacións Unidas pola Igualdade de Xénero

+ INFO

Como nos socializamos?

Axentes de Socialización

Aprendemos a reproducir o modelo cultural e o sexismo. Aprendemos o que nos corresponde ou as expectativas sobre nós

FAMILIA

SISTEMA EDUCATIVO

LINGUAXE

MEDIOS DE COMUNICACIÓN E PUBLICIDADE

GRUPO DE IGUAIS

A nosa identidade

cando falamos de identidade...

- Conxunto de rasgos propios de cada persoa ou dun colectivo
- Distinguenos das outras persoas ou doutros grupos
- Depende do momento histórico, da sociedade e da cultura na que nacemos e vivimos

A nosa identidade inclúe....

- a idade
- o grupo étnico
- a clase
- a lingua
- a cultura
- o sexo
- o xénero

e fainos ÚNICAS E IRREPETIBLES!!



Identidade de xénero

Orientación sexual

Sexo biolóxico

Expresión de Xénero

CAMBIA O CONTO!

Que as etiquetas sirvan para facer mais visibles as diversidades!!

Analiza as seguintes imaxes e comenta os estereotipos que atopas

Como cres que poden influir na nosa identidade? nos nosos gustos? nas nosas eleccións?



BLOQUE 2

Relacións afectivas en clave de igualdade

BLOQUE 2

Relacións afectivas en clave de igualdade

Violencia de Xénero

DEFINICIÓN

" A Violencia contra a muller é **todo acto de violencia** baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poda ter como resultado un dano ou sofremento físico, sexual ou sicolóxico para a muller; así como as ameazas de esos actos, a coacción ou privación arbitraria da Liberdade, tanto se esta é na vida pública como na vida privada"

Declaración sobre a Eliminación de todas as formas de Violencia Contra a Muller. Nacións Unidas, 1993

+ INFO

POR QUE DE XÉNERO?

"A Violencia contra as mulleres é unha manifestación das relación de poder históricamente desiguais entre mulleres e homes que conlevan a dominación masculina, á discriminación contra as mulleres por parte dos homes e a impedir o seu desenvolvemento pleno"

IV Conferencia Mundial das Nacións Unidas sobre as Mulleres. Beijing 1995

CAUSAS DAS VIOLENCIAS DE XÉNERO

Machismo

O Conxunto de normas, actitudes e trazos socioculturais que teñen coma fin último perpetuar o dominio e o control de poder dos homes e a submisión das mulleres

Masculinidade Hexemónica ou tradicional

É a mais extendida e a que se sigue transmitindo aos nenos a través dos distintos axentes de socialización. Algunhas das súas características: Autosuficiencia, heroicidade, fortaleza e superioridade

Amor Romántico

É unha idea, unha construción (social, cultural e política) patriarcal para consolidar e manter a súa organización de base: a familia (heterosexual, monógama, nuclear). Perpetúa as relacións de poder entre os xéneros mediante relacións baseadas na posesión, nos celos, nas violencias, etc.

O iceber das Violencias Machistas



Formas e Tipos de Violencias Machistas

- FÍSICA
- SEXUAL
- PSICOLÓXICA
- ECONÓMICA
- ESTRUCTURAL

Escaleira cíclica

da Violencia de Xénero na mocidade

Carmen Ruiz Repullo. "Voces tras los datos". 2016

Os mitos do amor romántico

Que?

Son un conxunto de crenzas compartidas sobre o AMOR, a maioría erradas, imáxes ideais que perpetúan os desequilibrios de poder baseados no sistema sexo-xénero nas relacións afectivas e sexuais.

FAVORECEN A TOLERANCIA A COMPORTAMENTOS OFENSIVOS, AGRESIVOS E ABUSIVOS

Características

RESISTENCIA AO CAMBIO
DIFICULTADE PARA DERRUBAR AS CRENZAS

ENTENDIDOS COMO ALGO NATURAL E/OU NORMAL

- amar é sufrir
- celos
- media laranxa
- entrega total
- estar en parella
- cambio por amor
- paixón eterna

RESUMINDO...

O MODELO DE AMOR QUE TEMOS APRENDIDO BASÉASE

- NUNHA VISIÓN IDEAL E ÚNICA DE AMAR
- NA DEPENDENCIA
- NA IDEA DE QUE SOMOS SERES INCOMPLETOS (COMPLETADOS A TRAVÉS DO AMOR)
- NA INCONDICIONALIDADE
- NO SOFREMENTO
- NO SACRIFICIO TOTAL

Propoñemos unha dinámica

"O amor romántico no cine, na literatura e na música." Falan de amor ou de namoramento?

como definirías....

- Atracción
- Namoramento
- Amor

Antes de seguir, reflexiona e analiza o que pensas sobre estes conceptos e como os vives nas túas relacións

RESUMINDO...

UNHA RELACIÓN TÓXICA É MACHISTA

- UN MODELO NESGADO E LIMITANTE DA DIVERSIDADE DAS RELACIÓNS AFECTIVO-SEXUAIS QUE PODEMOS DISFRUTAR
- REPRODUCE AS RELACIÓNS DE PODER DESIGUAL TRADICIONAIS
- AS MULLERES SO SE REALIZAN A TRAVÉS DO AMOR CORRESPONDIDO
- O DESEXO E A MIRADA SEMPRE É DO OUTRO
- O FIN DA VIDA EN PARELLA É A MATERNIDADE

Apuntámonos ao Botrato

Propoñemos unha búsqueda de información no diccionario.

Busca a palabra Botrato e a palabra Maltrato

Como se define o Botrato no diccionario?

Cando alguén di algo bo de min, síntome ben?

Normalmente si, porque faime sentir que me queren e me aprecian

Pensa algo bo que dixeran de ti que che fixera sentir ben ou moi ben

Cando eu digo algo bo a outra persoa tamén a fago sentir ben?

Pensa algo bo que lle dixeras a outra persoa que cres que a fixo sentir ben ou moi ben



Relacións afectivas saudables

Que?

Son relacións nas que as persoas están a gusto coas súas parellas escollidas

Baseánse no respecto e o Botrato

Cando?

A túa parella.....

- Desexa o teu benestar, o teu éxito.
- Considérate única e irrepetible
- Hai diálogo, negociación e consenso nas tomas de decisións conxuntas
- Aprende de estar contigo
- Aprecia as túas cualidade
- Cóidate e coida da vosa relación

Somos persoas LIBRES E COMPLETAS

INDICADORES DUNHA RELACIÓN DE BOTRATO

- As túas opinións son tan importantes como as da túa parella
- Ten igual importancia o tempo que pasades en parella como o que pasades coas vosas amizades
- Os conflitos fálanse sen temor nin imposicións
- Búscanse acordos e consensos á hora de toma decisións
- Sentídesvos libres de facer e dicir o que desexades sen a aprobación da outra persoa
- Organizades actividades xuntas e pasádelo ben facéndoas
- Hai confianza para falar de calquera tema
- A relación funciona igual en público e en privado
- Compartides actividades con outras persoas e non só entre parella

cuestionario para saber se estás nunha relación sa

- Abúrreste coa túa parella porque te deixa de lado?
- Interrónpete, ou ignórate cando falas?
- Desconfía de ti?
- En ocasións faiche sentir mal co que che di ou che fai?
- Impídeche ou moléstalle que esteas con outras persoas?
- Ás veces tes medo das súas reaccións violentas?
- Fai cousas que che molestan para conseguir o que quere?
- Veste na obriga de facer cousas que non che agradan por compracer a túa parella?
- Sénteste culpable porque te responsabiliza das cousas que fai mal ou que podan magoarte a ti?
- Estás sempre anoxada/o porque pasa da relación e non cumpre o acordado?
- Sentes nervios porque tes medo de non facer as cousas como lle gustan?
- Sentes humillación?
- Senteste baixo control e coa necesidade de dar explicacións de todo o que fas?
- Tes medo de expresar os teus sentimentos por medo a que diga que tes que calar ou que pense que dis parvadas?
- Ameaza con deixar a relación se fas cousas que lle digustan?
- Veste na obriga de facer todo o que di a túa parella?

BLOQUE 3

Aprender xogando

Aprender Xogando

E agora que? Xa aprendemos novos conceptos, xa podemos observar e mirar ao noso redor coas lentes violetas da igualdade e o feminismo, agora teremos que facer algo con todo este novo coñecemento. E que mellor xeito que facelo de xeito lúdico e divertido

Que propoñemos?

Un xogo de preguntas e respostas...si! Un Trivial da Igualdade

En que consiste?

Adiviñar a resposta ás 9 preguntas de cada un dos 6 temas. Sinxelo non??

Como xogamos?

- Podemos organizarnos en grupos/ parellas ou de xeito individual e xogar por tandas de preguntas.
- Podemos escoller o tema ou utilizar un dado xigante que asigne a cor á contestar.
- Podemos escoller un tema entre todas as participantes e debatir a resposta no noso grupo. O primeiro grupo que levante a man contesta. Existindo a posibilidade de "rebote"
- Para resolver as cuestións podemos utilizar algunha ferramenta tecnolóxica (mobil, tablet, pc...)

Ou podemos crear nós as nosas propias regras de xogo!!!

2

TRIVIAL Igualdade

ESCOLLE UNHA CATEGORÍA E FAI CLICK PARA COÑECER AS PREGUNTAS E RESPOSTAS

- CONCEPTOS
- HISTORIA, ARTE, LITERATURA e CULTURA
- CIENCIAS
- PERSONAXES
- AUDIOVISUAIS
- DEPORTES

genially education

Asemblea de Cooperación pola Paz

AGARESO
Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social

XUNTA DE GALICIA

cooperacióngalega